

**ACTA NÚM. 6/2021.**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 4 DE AGOSTO DE 2021.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 4 de agosto de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:  
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:  
CARLOS NOYA PEREIRA.  
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.  
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.  
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.  
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.  
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.

-. PP:  
MARÍA FARIÑA BELLÓN.  
NATALIA FARIÑA GARCÍA.  
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:  
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.  
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:  
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

- 
- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.06.2021.
  - 2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 18/2021.
  - 3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA.
  - 4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2022.
- 

**1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.06.2021.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 5/2021, do 16.06.2021.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

**2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 18/2021.**

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), en sesión do 03.08.2021, que transcrita di:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 18/2021. CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2021 FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Aprobada a liquidación do exercicio 2020 cun remanente líquido de tesourería para gastos xerais axustado que ascendeu a 5.904.333,30 €.

O artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de concesión de crédito extraordinario para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non exista crédito no orzamento, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que se considera necesario acometer as obras de Mellora de viarios en O Cabo e A Graña así como de Mellora de camiños municipais Ombre - Ardións descritas nos correspondentes proxectos, para os que non existe crédito consignado no vixente orzamento da Corporación e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas (a cal actúa como permanente de Facenda), a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación de crédito número 18/2021 do orzamento municipal para o exercicio 2021 na modalidade de crédito extraordinario, de acordo co seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de gastos**

APLICACIÓN	ECONÓMICA	DENOMINACIÓN PROXECTO	IMPORTE
1532	619.03	OUTROS INV.REP. INFRA.,BNS USO XRAL. POS+ADICIONAL 2/2021 MELLORA DE VIARIOS EN O CABO E A GRAÑA  (PGFA 2021/2/CAGRA/1)	34.268,07 €
454	619.01	OUTROS INV. REP. INFRA., BNS USO XERAL. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS OMBRE- ARDIÓNS	47.655.25 €
		Total	81.923,32 €

**Altas en aplicacións de ingresos**

Económica	Denominación	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	81.923,32 €

**Segundo.-** Aprobar a modificación do anexo de investimentos do orzamento 2021, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

**Terceiro.-** Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate:

Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

### **3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA.**

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, en sesión do 03.08.2021, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Con data 26 de maio de 2011 o Concello asinou coa empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L. con CIF: B-94017225 o contrato de xestión do servizo público de piscina municipal cuberta climatizada de Brión, mediante concesión.

2. O prazo de duración do contrato é de dez (10) anos, a contar desde a data de inicio da prestación do servizo, data que se acreditará mediante acta subscriba polo Concello e o contratista. A acta sinalada que consta no expediente ten data de 16 de agosto de 2011, polo que o contrato remata con data 15 de agosto de 2021, non estando prevista nos pregos de cláusulas administrativas particulares (en adiante PCAP) a posibilidade de prórroga.

Fundamentos de dereito:

A cláusula 9 do PCAP sinala: En caso de vencemento normal do contrato, ou anormal pola súa resolución ou declaración de caducidade, para garantir a continuidade do servizo o órgano de contratación poderá acordar que o concesionario continúe na xestión do servizo ata tanto o novo adxudicatario se faga cargo do servizo ou o asuma directamente o Concello, ata un prazo máximo de seis meses (6 meses).

A Disposición Transitoria 1ª da Lei 9 /2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sinala: Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

O expediente de contratación foi tramitado baixo a vixencia da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Considerando que por razóns de interese público o Concello non pode deixar de prestar este servizo aos veciños, o que se xunta á necesidade da continuidade do servizo - e mentres non

se seleccione ao novo contratista- que impón coactivamente a permanencia do anterior contratista.

Considerando que non se prexudican dereitos de terceiros e que esta ampliación ten carácter excepcional, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Acordar a continuación por razóns de interese público do servizo de piscina municipal cuberta climatizada de Brión, por parte da empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., por un prazo máximo de seis meses, ata o 15 de febreiro de 2022.

**2º)** Dar traslado deste acordo ao responsable do contrato e a intervención para o seu coñecemento e efectos.

**3º)** Notificar este acordo ao contratista para o seu coñecemento e efectos.

Debate:

O Sr. Concelleiro Panas Corral sinala que xa se sabía que o contrato remataba o día 15, polo que podía terse feito antes, e igualmente que se vexa a opción de poder xestionar este servizo de xeito directo polo Concello, que se analice esta posibilidade.

O Sr. Alcalde sinala que se vai valorar a posibilidade de xestionalo directamente, e que co tema do Covid-19 houbo problemas co concesionario e non sabemos aínda o que imos facer coas reclamacións que presentou.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

#### **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2022.**

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, en sesión do 03.08.2021, que transcrita di:

Visto o Decreto 97/2021, do 10 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2022, publicado no DOG do 07.07.2021, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2022 as seguintes datas:

-. O xoves 26 de maio de 2022 ( Día da Ascensión ) e o martes 27 de setembro de 2022 (Santa Minia).

Debate:

Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e dezasete minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González